

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO ORDINARIA DE 5 DE SETEMBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00040637G.

Aprobación de actas de sesións anteriores. |

Apróbanse as seguintes actas:

- Sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 26 de agosto de 2022.
- Sesión ordinaria celebrada o día 29 de agosto de 2022.
- Sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 1 de setembro de 2022.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2022/1544.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/202271544 emitida pola empresa Naturgy Iberia, S.A. (CIF núm. A08431090) en concepto de servizo de subministración de gas e gasóleo para o campo de fútbol de Vilvestro correspondente ao período 21/12/2021 a 22/02/2022. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E TRES CÉNTIMOS (189,93 €), segundo factura con número contable F/2022/1544 que se achega no expediente, e expedida pola empresa Naturgy Iberia, S.A. (CIF núm. A08431090) en concepto de servizo de subministración de gas e gasóleo para o campo de fútbol de Vilvestro correspondente ao período que abrangue desde o 21 de decembro do ano 2021 ao 22 de febreiro do ano 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora F/2022/2021.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/292, emitida pola empresa "ISS FACILITY SERVICES, S.A." con CIF núm. A61895371, en concepto de servizo limpeza ordinaria dos edificios e dependencias municipais correspondentes ao mes de xuño de 2022. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITENTA E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (84.892,98 €), segundo factura número F/2022/2921 que se achega no expediente, emitida pola empresa "ISS FACILITY SERVICES, S.A." con CIF núm. A61895371, en concepto do servizo de limpeza ordinario dos edificios e dependencias municipais correspondente ao mes de xuño de 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

4. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función intereentora F/2022/.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/2008 emitida pola empresa Ascensores Enor, S.L (CIF núm. 36650992). en concepto de servizo de mantemento de ascensores no estadio Verónica Boquete (San Lázaro) correspondente ao mes de abril do ano 2022. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRESCENTOS CINCUENTA E UN EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (351,80 €), segundo factura con número contable F/2022/2008 que se achega no expediente, emitida pola empresa Ascensores Enor, S.L (CIF núm. 36650992) en concepto de servizo de mantemento de ascensores no estadio Verónica Boquete (San Lázaro) correspondente ao mes de abril do ano 2022.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/187.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da relación contable de facturas S/2022/187 emitidas pola empresa Orona S.Coop con CIF núm. F20025318 en concepto de servizos de mantemento de ascensores en distintas dependencias municipais, correspondentes ao período que abrangue entre os meses de abril e xuño do ano 2022. |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CENTO CORENTA E UN EUROS CON CORENTA E SEIS CÉNTIMOS (1.141,46 €), segundo relación contable de facturas S/2022/187 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2022/2931 por un importe de 627,05 euros, e remata pola factura número F/2022/2933 por un importe de 514,41 euros, toda elas emitidas pola empresa Orona S.Coop con CIF núm. F20025318

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

6. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI 1069/2022.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/1484 emitida por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU (CIF: U-87609103), en concepto de servizos mantemento de telefonía cloud correspondentes ao mes de marzo do ano 2022 |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.308,57 €) correspondentes á factura número F/2022/1484, en concepto de servizos mantemento de telefonía cloud correspondentes ao mes de marzo do ano 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

7. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI 1060/2022.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da relación de facturas S/2022/176 con dez facturas emitidas por varias empresas (SOLITIUM NOROESTE SL, E RICOH ESPAÑA SLU), en concepto de mantemento e consumo de copias das fotocopiadoras en varios departamentos municipais, correspondentes a varios periodos entre o mes de abril e xuño do ano 2022 |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL CORENTA E TRES EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.043,74 €) que comeza pola factura número F/2022/1831 por importe de 29,67 euros, e remata pola número F/2022/2749 por importe de 204,94 euros, todas elas en concepto de mantemento e consumo de copias das fotocopiadoras en varios Departamentos municipais, correspondente a varios períodos entre o mes de abril e xuño do ano 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

8. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI S/2022/132.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da relación de facturas S/2022/132 con trece facturas emitidas por varias empresas (SOLITIUM NOROESTE SL, VSM SISTEMAS CORUÑA SA, LA TECLA SANTIAGO SL E RICOH ESPAÑA SLU), en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais, correspondentes ao período entre febreiro e maio do ano 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL SEISCENTOS NOVENTA E TRES EUROS CON TREINTA E CINCO CÉNTIMOS (2.693,35 €) que comeza pola factura número F/2022/1598 por importe de 104,60 euros, e remata pola número F/2022/2583 por importe de 89,79 euros, todas elas en concepto de servizo de copiadoras en distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre febreiro e maio de 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

9. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: OFI 1019/2022.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura F/2022/2456 emitida por UTE D TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA SAU (CIF: U-87609103), en concepto de servizos mantemento de telefonía cloud correspondentes ao mes de maio do ano 2022

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.308,57 €) correspondentes á factura número F/2022/1484, en concepto de servizos mantemento de telefonía cloud correspondentes ao mes de maio do ano 2022

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00040129W.

Autorización da cesión da praza número 31 do aparcamento de Puente Castro – A Rosa en Santiago de Compostela.

Autorízase a cesión da praza número 31 do aparcamento de Puente Castro – A Rosa en Santiago de Compostela. Unha vez formalizada esta cesión notarialmente, deberá presentar a correspondente escritura ó obxecto da súa ratificación.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00031310S.

Inicio expediente "Servizo de roza e limpeza de parcelas municipais no ámbito urbano do termo municipal de Santiago de Compostela, reservado a Centros Especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, conforme o establecido na D.A. 4ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público"

Acórdase:

.- Aprobar o expediente que ten por obxecto a licitación do Servizo de roza e limpeza de parcelas municipais no ámbito urbano do termo municipal de Santiago de Compostela, reservado a centros especiais de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción, conforme o establecido na D.A. 4ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

.- Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación.

.- Autorizar un gasto total por importe de 150.000,00 € (base imponible de 123.996,94 € e IVE do 21% por importe de 26.033,06 €), que se imputará á aplicación orzamentaria: 040 15320 2100001 PAV. DE VÍAS PÚBLICAS. REPARAC. MANTEM.

E CONSERV. INFRESTR, coa seguinte desagregación por anualidades:

ANO 2022 (5 meses): 62.500 €

ANO 2023 (7 meses): 87.500 €

TOTAL: 150.000 €

No caso de traballos de carácter plurianual, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90, o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

12. COMERCIO. Referencia: 2022/00032818M.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela centro comercial aberto para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2022.

Acórdase.

Primeiro: Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación Punto Compostela Centro Comercial Aberto, para levar a cabo un programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2022.

Segundo: Aprobación do gasto por importe de trinta e dous mil euros- 32.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890003.

13. COMERCIO. Referencia: 2022/00032470W.

Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2022

Acórdase:

Primeiro: Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a Asociación de empresarios e profesionais centro comercial aberto Compostela Monumental, para levar a cabo un programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2022.

Segundo: Aprobación do gasto por importe de trinta e cinco mil euros- 35.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890001.

14. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00035148N.

[Aprobación das Bases da convocatoria de subvención a festas patronais do Concello de Santiago de Compostela 2022]

Acórdase:

1. Aprobar as Bases da convocatoria de subvención a festas patronais do Concello de Santiago de Compostela 2022.

2. Autorizar o gasto de 38.750,00 euros con cargo a aplicación orzamentaria 2022 060 33800 4890100 da área de Festas pertencente á Concellería de festas.

O importe máximo da subvención para cada solicitante e para cada festa será de 1.250 €.

O período de solicitude será de 1 mes natural contado a partir do día seguinte da publicación da convocatoria no BOP da Coruña.

Os criterios de adxudicación da subvención serán por orde de chegada, sempre que se cumpran os requisitos da convocatoria, ata o consumo do orzamento dispoñible na aplicación.

A convocatoria terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2022, sempre e cando as solicitudes cumpran con todas as cláusulas contidas nas bases.

As festas que serán obxecto de subvención deberán ter como data de celebración as comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 13 de outubro de 2022.

O prazo de xustificación vai do 15 de outubro ao 15 de novembro de 2022.

15. INMIGRACIÓN E EMIGRACIÓN. Referencia: 2022/00029711A.

[Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre a asociación Médicos del Mundo e o Concello de Santiago de Compostela, para o ano 2022.]

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración asinado entre a asociación Médicos del Mundo e o Concello de Santiago, para o ano 2022.

16. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2022/00040637G.

[Dar conta das manifestacións de condolencia recibidas polo falecemento dun bombeiro do SEIS.]

Tómase coñecemento das comunicacións de condolencia recibidas por mor do falecemento do bombeiro en prácticas do Servizo de Extinción de Incendios e Emerxencias, don Jorge Corbacho Mauricio, expresándolles o agradecemento do Concello de Santiago pola manifestación do seu pesar ás autoridades e cargos que as remitiron.

17. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00040637G.

[Dar conta das Resolucións da Alcaldía e das Concellarías delegadas.]


Tómase coñecemento das Resolucións da Alcaldía e das Concellarías delegadas de datas 26 de agosto a 1 de setembro de 2022.

URXENCIAS

1. COMERCIO.

[Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área Comercial para o desenvolvemento dun programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2022].

Acórdase:



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Primeiro: Aprobación do texto do convenio entre o Concello de Santiago e a Fundación Santiago Centro Área Comercial, para levar a cabo un programa de reactivación das compras mediante a entrega de bonos de aparcadoiro durante a anualidade 2022.

Segundo: Aprobación do gasto por importe de trinta e dous mil euros- 32.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890005.